Programa de apoio á infancia

cubertos

Afundación Obra Social ABANCA



OUTUBRO 2020

PROGRAMA CUBERTOS: VOLUNTARIADO

Para que «Cubertos» fose posible, foi imprescindible o labor dos 100 integrantes do equipo da Obra Social de ABANCA e dos 120 voluntarios e voluntarias, tanto de ABANCA como de Afundación, que se encargaron de preparar a distribución, entregar os menús e atender as familias.

Estes son algúns dos comentarios que reflicten o que supuxo para eles este programa:

> «Un achegamento á realidade de moitas familias que o están pasando moi mal.»
>
> «Esta experiencia fainos reflexionar e sermos conscientes do afortunados que somos algúns. Con ela participamos activamente na sociedade, cubrindo un oco que estaba sen atender.»
>
> «Foi un pracer participar neste proxecto e poder colaborar para facer un mundo un pouquiño mellor.»
>
> «Parabéns a todos! Se este programa funcionou foi porque todos tentamos dar o mellor de nós.»


cubertos
Afundación Obra Social ABANCA
VOLUNTARIADO
Obra Social ABANCA
//Afundación

Índice de contidos:

- O voluntariado no programa CUBERTOS de Afundación Obra Social ABANCA
- Impacto do programa. A visión dos participantes
- Anexo: documentos formativos para os voluntarios e voluntarias



PROGRAMA CUBERTOS: TAREFAS VOLUNTARIADO

- Apoio na montaxe do punto de distribución.
- Apoio na recepción do transporte cos colectores de menús isotérmicos.
- Apertura do posto e recepción de familias.
- Embolsado / entrega de menús: barquetas con primeiro prato, segundo e sobremesa.
- Control de entregas. Atención a dietas especiais (alerxias, intolerancias...).
- Coidado distancias de seguridade e normas de hixiene.
- Recollida do posto.
- Entrega menús sobrantes, se houbese, seguindo as indicacións dos coordinadores.
- Reporte ao coordinador/a local.




PROGRAMA CUBERTOS: EQUIPO DE COORDINADORES















Índice de contidos:

- O voluntariado no programa CUBERTOS de Afundación Obra Social ABANCA
- Impacto do programa. A visión dos participantes
- Anexo: documentos formativos para os voluntarios e voluntarias



PROGRAMA CUBERTOS: OS BENEFICIARIOS

Ademais do propio servizo, os usuarios de «Cubertos» subliñan a proximidade e calidez no trato recibido ao longo do programa. Nunha enquisa realizada entre as familias participantes, a satisfacción media sitúase no 4,81 sobre 5.

«Grazas a Cubertos non quedamos desprotexidos.»

«Grazas ao programa puidemos aforrar algo de diñeiro para atender outras necesidades.»

«Sen este servizo en vacacións, dar de comer aos meus fillos sería imposible.»


«Destaco o entusiasmo por prestar un servizo excelente, a atención, a amabilidade e o cariño co que nos trataron.»

«Grazas por non nos fallardes nun momento tan complicado e grazas por axudar a que o meu fillo no verán tivera unha dieta variada e equilibrada.»



Debuxo co que obsequiaron os membros dunha familia beneficiaria aos voluntarios e voluntarias

ENQUISA DE SATISFACCIÓN «CUBERTOS»



419 enquisas de satisfacción realizadas aos usuarios/as de «Cubertos» en 24 puntos de distribución por toda Galicia





ENQUISA DE SATISFACCIÓN «CUBERTOS»

Medición de 5 indicadores de satisfacción e 13 ítems expresados en grao de acordo respecto a unha serie de afirmacións cualificadas nunha escala Likert de 1 a 5, onde 1 expresa insatisfacción ou desacordo total e 5 satisfacción ou acordo total

Elementos tanxibles

+ Información previa do programa Cubertos
+ Lugar de recollida dos menús e accesibilidade axeitada
+ Bolsas isotérmicas e envases axeitados

Fiabilidade

+ Correcta organización da distribución dos menús e das medidas de prevención COVID-19
+ Comida variada e menús ben programados
+ Cantidade de comida suficiente
+ Boa calidade da comida

Capacidade de resposta

+ Horarios de recollida axeitados
+ Os imprevistos resolvéronse de xeito satisfactorio

Empatía

+ O persoal de Afundación realizou o seu labor con interese e prestou un bo servizo
+ O trato, a actitude e a amabilidade do persoal de Afundación foi correcto


Satisfacción xeral

+ Resposta do programa ás necesidades
+ Satisfacción xeral co programa Cubertos

ENQUISA DE SATISFACCIÓN «CUBERTOS»

Os resultados reflicten un nivel de satisfacción moi elevado que superou as expectativas dos usuarios de «Cubertos» en todos os ítems, cun nivel de satisfacción medio de 4,81 sobre 5.

4,81
Satisfacción
sobre 5




Criterios máis valorados polos usuarios:

- Fiabilidade 32%
- Capacidade resposta 22%
- Seguridade 19%
- Empatía 16%
- Elementos tanxibles 11%

ENQUISA DE SATISFACCIÓN «CUBERTOS»

Principais indicadores de satisfacción




O indicador «empatía» obtén a mellor valoración de 4,93 sobre 5, e confirma o valor engadido que achega o voluntariado a un proxecto social destas características.

Este indicador reflicte os resultados da valoración de dous ítems, por unha banda, o interese co que realizaron o seu labor e prestaron un bo servizo, e por outra, o trato, a amabilidade e a actitude do voluntariado e do persoal de Afundación e ABANCA.

ENQUISA DE SATISFACCIÓN «CUBERTOS»

Puntuacións medias de satisfacción por cada ítem



//Afundación
Obra Social ABANCA

Índice de contidos:

- O voluntariado no programa CUBERTOS de Afundación Obra Social ABANCA
- Impacto do programa. A visión dos participantes
- Anexo: documentos formativos para os voluntarios e voluntarias



PROGRAMA CUBERTOS: CARTA DE BENVIDA A VOLUNTARIOS E VOLUNTARIAS

Prezado/a voluntario/a:

Benvido/a ao equipo do programa CUBERTOS de Afundación Obra Social ABANCA.

Queremos darche as grazas por acompañarnos nesta acción solidaria destinada a cubrir unha necesidade fundamental das familias máis vulnerables: a alimentación sa e nutritiva dos seus nenos e nenas, a través dun programa de entrega de menús durante o período do 1 de xullo ata o inicio do curso escolar.

Coa túa axuda, conseguiremos unha mellor atención ás familias do programa e reforzar o noso compromiso coas persoas máis vulnerables, especialmente afectadas pola crise da COVID-19.

Neste documento explicámosche o programa, os seus aspectos operativos e o contexto no que actuamos. Desde os equipos de coordinación local resolveranche calquera dúbida que poidas ter.

Grazas por participar!

PROGRAMA CUBERTOS: PUNTOS DE DISTRIBUCIÓN



- A comida é transportada polas empresas de cátering en contedores isotérmicos aos puntos de distribución establecidos en cada localidade.
- Alí o equipo formado por persoal da empresa, empregados de Afundación e voluntarios/ as encárgase da súa repartición ás familias. A cada familia entréganselle unha ou varias bolsas isotérmicas reutilizables.
- O equipo de repartición conta con Equipos de Protección Individual (EPI).

A TER EN CONTA: PROTECCIÓN ESPECIAL PARA OS NENOS E NENAS

Evitar a etiquetaxe das familias e os menores vulnerables

Durante o curso escolar os nenos e nenas que se benefician de bolsas comedor comparten mesa con calquera outro neno/a que acode ao centro e queda alí a comer no mesmo. Aínda que o menú de un está subvencionado polos servizos sociais e o do outro non, esta diferenza non é visible desde fóra.

É importante manter procedementos que eviten sinalar os menores vulnerables e as súas familias, defendendo a súa dignidade, superando a etiquetaxe segregante e evitando actitudes de rexeitamento á pobreza na súa comunidade.

A TER EN CONTA: PROTECCIÓN ESPECIAL PARA OS NENOS E NENAS

Confidencialidade

A confidencialidade é un requisito ético imprescindible e unha obriga legal básica.

O programa vela por protexer a intimidade dos menores e familias participantes, potenciando unha actitude respectuosa e evitando, en todo caso, comentar ou difundir información sobre elas mesmas máis aló dos labores de xestión necesarios para o seu correcto funcionamento.

Con este obxectivo se seleccionaron espazos públicos normalizados e non segregantes como centros cívicos, colexios, etc.




SISTEMA DE APOIO SOCIAL

CARIDADE	ASISTENCIA SOCIAL	ESTADO DO BENESTAR	O FUTURO: A RESPONSABILIDADE SOCIAL COMPARTIDA
Axudas puntuais xestionadas por individuos ou organizacións privadas. Promovidas na súa orixe por unha motivación piadosa ou relixiosa. Ofrecen unha resposta non regulada: beneficencia.	As persoas marxinadas comezan a verse como cidadáns con certos dereitos e necesidade de protección social Da resposta a necesidades básicas. Non se toman medidas estruturais, a pobreza considérase inevitable.	Accións sistemáticas de carácter técnico. Contemplan accións para toda a sociedade no seu conxunto, equilibrando as desigualdades e promovendo cambios estruturais. Respecto á dignidade humana. Políticas baseadas en dereitos e cidadanía plena.	Responsabilidade social corporativa: impacto directo na mellora do benestar social e do medio ambiente. Cooperación público - privada. Novas propostas de acción. Implicación de toda a comunidade a través de accións de voluntariado.

ESTADO DO BENESTAR

Aínda que na actualidade o sistema vixente é o do Estado de benestar, este segue entrelazándose con iniciativas de corte caritativo ou de asistencia social convencional.



IGUALDADE E EQUIDADE

Para asegurar un acceso igualitario e xusto aos recursos, é necesario adoptar distintas medidas de apoio en función dunha valoración integral e individualizada das persoas.

O Estado do benestar ten por obxecto redistribuír de forma solidaria os recursos para asegurar a igualdade de oportunidades.

ALICERCES E VALORES DO ESTADO DE BENESTAR EN ESPAÑA



EDUCACIÓN



SANIDADE



PENSIÓNS



DEPENDENCIA



SERV. SOCIAIS



- **DIGNIDADE**
- **LIBERDADE**
- **IGUALDADE**
- **SOLIDARIEDADE**
- **CIDADANÍA**
- **XUSTIZA**

ALICERCES E VALORES DO ESTADO DE BENESTAR EN ESPAÑA

A Responsabilidade Social Corporativa ten cada vez maior peso e é imprescindible na consecución de obxectivos de xustiza social e sostibilidade ambiental.

«As empresas teñen a oportunidade de comprometerse na loita contra a pobreza, brindando oportunidades a persoas en vulnerabilidade e exercendo a súa actividade con motivacións que vaian máis aló do mero beneficio económico. A sociedade actual pide que a economía sexa inclusiva e cada vez é máis claro que as empresas que emprenden ese camiño son máis sostibles."

(Observatorio Empresarial contra a Pobreza).

MARCO DE ACTUACIÓN

- A Lei 13/2008 do 3 de decembro de servizos sociais de Galicia estrutura e regula, como servizo público, os servizos sociais en Galicia para a construción do sistema galego de benestar. O artigo 60 da Lei 13/2018, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, atribúe aos concellos a competencia de detección e análise da problemática social existente no seu ámbito territorial.

- Así mesmo, atribúese a competencia de prestación de servizos sociais comunitarios básicos, dentro dos cales se inclúen a actuacións dirixidas á satisfacción das necesidades básicas de determinados colectivos especialmente vulnerables, como é o caso dos menores de idade. Por esta razón este proxecto se articula en colaboración cos concellos da Coruña, Ferrol, Ourense, Pontevedra e Santiago.

- Un dos tres alicerces nos que se basea a inclusión social activa é o acceso a uns servizos de calidade, o que implica a importancia de complementar a acción pública coa execución de accións e proxectos por parte das entidades de iniciativa social debidamente autorizadas. Estas entidades traballan directa e continuadamente coas persoas e familias afectadas por factores de exclusión social, coñecen de primeira man as súas necesidades, así como os instrumentos máis eficaces para potenciar as súas capacidades e promover a súa participación e inclusión. En Lugo e Vigo contamos coa colaboración de Cáritas e a Fundación Juan Soñador.

A POBREZA EN ESPAÑA

Para a medición de pobreza e exclusión social utilízase como referencia o indicador AROPE (At Risk Of Poverty and/ or Exclusion) da Rede Europea de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social. Este indicador agrupa tres compoñentes que miden pobreza, carencia material e baixa intensidade de traballo no fogar.

No ano 2018, un total de 12.188.288 persoas, que supoñen o 26,1% da poboación española estaba en risco de pobreza e/ou exclusión social.

Que significa estar en situación de RISCO DE POBREZA E/OU EXCLUSIÓN SOCIAL?

Prodúcese cando os ingresos dun fogar non superan o 60% de mediana da renda nacional, cifra que marca o limiar da pobreza.
En 2018, a renda mediana en España situouse en 14.785 €. O 60% son 8.871 € anuais por fogar.



O crecemento económico, por si só, non trae consigo unha redución da pobreza.

A POBREZA EN ESPAÑA

A privación material severa rexistrada en España en 2018 incrementouse e alcanzou o 5,4% da poboación.

Que significa estar en situación de PRIVACIÓN MATERIAL SEVERA?

Cando os membros dun fogar non poden permitirse polo menos 4 destes 9 conceptos de consumo básico:

1. Non pode permitirse ir de vacacións polo menos unha semana ao ano.
2. Non pode permitirse unha comida de carne, polo ou peixe polo menos cada dous días.
3. Non pode permitirse manter a vivenda cunha temperatura adecuada.
4. Non ten capacidade para afrontar gastos imprevistos (de 650 euros).
5. Tivo atrasos no pago de gastos relacionados coa vivenda principal (hipoteca ou aluguer, recibos de gas, comunidade...) ou en compras a prazos nos últimos 12 meses.
6. Non pode permitirse dispoñer dun automóbil.
7. Non pode permitirse dispoñer de teléfono.
8. Non pode permitirse dispoñer dun televisor.
9. Non pode permitirse dispoñer dunha lavadora.



Que significa ter unha BAIXA DENSIDADE DE TRABALLO?

Fai referencia a fogares nos que os seus membros en idade de traballar fixérono menos do 20% do seu potencial total de traballo. Calcúlase baseándose no número de meses total que os membros da familia poderían traballar, e os realizados finalmente durante o ano.

No ano 2018, o 10,7% das persoas menores de 60 anos viven en fogares con baixa intensidade de traballo.



O desemprego non define a pobreza.
O 32,6 % das persoas pobres dispoñían en 2018 dun emprego remunerado, pero ese salario non lles permite dispoñer dos recursos necesarios para satisfacer as súas necesidades básicas.

A POBREZA EN ESPAÑA

DATOS QUE REFLICTEN A POBREZA INFANTIL EN ESPAÑA

- Un de cada 3 nenos e nenas en España atopábase en situación de risco de pobreza e/ou exclusión social.
- O 6,5% soportaba privación material severa.
- O 7,7% facíao en situación de pobreza severa (en fogares que non superan o 30% da mediana de renda nacional).
- O 21,6 % da poboación infantil vive en fogares que non poden permitirse ter un computador.
- Un 10 % dos menores pobres non pode consumir cada dous días unha comida de carne, polo ou peixe.





IMPACTO DA CRISE SANITARIA NA INFANCIA MÁIS VULNERABLE

Desde o comezo da crise sanitaria ata finais de maio perdéronse 622.177 empregos e contabilizáronse 3.748.009 prestacións por ERTE solicitadas.

Ao 43,9% dos nenos e nenas de 8 a 17 anos preocupáballes moito que tras o confinamento persoas da súa familia perdesen o seu traballo. (Fonte: Infancia Confinada)

Un 17,3% estaba moi preocupado por que a súa familia fose máis pobre e tivese menos diñeiro.

A situación de incerteza no futuro ten un impacto directo nos nenos e nenas, non só a nivel material ou económico, senón tamén na súa saúde mental, sufrindo tensión, inseguridade e desprotección.



IMPACTO DA CRISE SANITARIA NA INFANCIA MÁIS VULNERABLE

Os datos previos á crise sanitaria provocada pola COVID-19 xa mostraban uns niveis alarmantes de pobreza da infancia no noso país. A crise empeora os prognósticos, por iso organismos oficiais como UNICEF e Save the Children instan a ampliar os programas de protección social como investimentos fundamentais que abordan as necesidades económicas inmediatas.

Unha das medidas imprescindibles para Save the Children, co obxectivo de reducir o impacto negativo que nenos, nenas e adolescentes sufrirán nesta crise é que teñan garantida unha alimentación saudable e nutritiva. «Recomendamos adoptar medidas para que os nenos e nenas que se beneficiaban das bolsas comedor teñan acceso ás medidas de garantía da alimentación, e ampliar a cobertura a todos os nenos e nenas en situación de pobreza».

//Afundación
Obra Social ABANCA

Grazas